



Ilmo. Concello
de
Ribadavia

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CORRESPONDENTE O DÍA 18 DE OUTUBRO DE 2011.-

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día dezaioito de outubro de dous mil once; a unha e media do mediodía xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, Don Marcos Blanco Jorge.- Concelleiros: Don José Ignacio Gómez Pérez (non asiste) , Don José Prieto Pérez e Don Javier Iglesias Sendín.

Está presente o Secretario do Concello, Don Pablo Portela Fernández.
Esta presente o Interventor do Concello, Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado 10 de outubro do dous mil once.

2.- OBRAS MAIORES.-

MODIFICACIÓN LICENZA DE OBRAS RIB/S/218/07.-

Visto o escrito de Dona M^a Begoña Barreiro Miranda, onde solicita modificación da Licenza de Obras, que consiste no cambio de uso do local de planta baixa, que no proxecto orixinal estaba dedicado a uso de vivanda e na Modificación de Proxecto preténdese dedicar a uso de local comercial, segundo Modificación Proxecto Básico e de Execución que se presenta.

Visto o informe da Arquitecto Municipal de data 14 de outubro de 2011 no que se fan as seguintes consideracións:

“En base a todo o exposto anteriormente infórmase favorablemente á concesión da Modificación da Licenza de Obras solicitada”.

Visto o Informe Xurídico de data 14 de outubro de 2011 no que se fan as seguintes consideracións:

“Este é o parecer non vencellante do informante do que o seu carácter favorable se supedita ao cumprimento das condicións reflectidas no correspondente informe técnico”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda :



Ilmo. Concello
de
Ribadavia

Conceder a modificación da licenza para rehabilitación de vivenda unifamiliar a **Dona M^a Begoña Barreiro Miranda**, que deberá aboar polo concepto de Instalacións, Construcións e Obras o importe de 2.600,85 €.

1.- Condicións xerais:

En todo caso é de ter en conta que as licencias outórganse a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, polo que a Administración concedente non lle incumbe a acreditación da propiedade do solicitante, senón unicamente o acomodo á legalidade urbanística das obras ou actividades. Por outra banda, e segundo é xurisprudencia reiterada, a concesión da licenza levará implícito o condicionamento de acomodo da actividade á legalidade vixente e aplicable en cada caso, debendo acomodarse deste modo, non só os condicionamentos expresamente sinalados senón tamén ás normas de directa aplicación segundo a lexislación urbanística.

A licenza concédese con independencia doutro tipo de Autorizacións administrativas que foran procedentes.

De coñecerse o destino do local e tratarse este do exercicio dunha actividade sometida ó deber de previa obtención de licenza de apertura, por imperativo do disposto no Art. 22 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais e Art. 196.2 da LOUGA, en todo caso subordínase expresamente a concesión da licenza urbanística á obtención da correspondente licenza de apertura, de xeito que, se non se chegara a obter esta a anterior entenderíase non concedida. Xa que logo, a eficacia da licenza de obras condiciónase nestes casos á obtención da licenza de apertura preceptiva, non podendo comezarse as obras ata a concesión desta última.

Unha vez rematadas as obras deberá obterse a licenza de primeira ocupación, ou no caso concreto licenza de apertura e entrada en funcionamento, so pena da posibilidade de incoación de expediente de reposición de legalidade urbanística.

En lugar ben visible da obra colocará un cartel no que figurarán os nomes dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos ós que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente. Colocarase por seguridade un valo protector.

Penalización: o incumprimento das condicións fixadas dará lugar a apertura de expediente de protección da legalidade urbanística (artigo 209 e ss. da Lei 9/2002), sen prexuízo das sancións a que puidera haber lugar.

Caducidade: A caducidade será declarada pola Administración municipal logo do procedemento con audiencia do interesado.

2.- Condicións particulares:

Finalidade da actuación e uso ó que se destinará: rehabilitación de vivenda unifamiliar.

Contía na que se orzan as obras: 100.032,88 €.

Situación e emprazamento das obras: Rúa San Martiño nº 4.



Ilmo. Concello
de
Ribadavia

Redactor do Proxecto: Don Maria Cristina Sabariz Rua.

Dirección execución material das obras: Dona Cristina Gómez Dobarrio.

Nome ou razón social do promotor: Don M^a Begoña Barreiro Miranda.

Prazos: O prazo de inicio das obras é de un (1) mes e o prazo de remate de tres (3) anos, a contar dende o día seguinte ó de notificación da concesión da licenza de apertura provisional.

Liquidación do ICIO: A licenza non terá validez sen o previo aboamento dos dereitos municipais que constan na liquidación do Sr. Interventor. Visto o orzamento estimado que figura no informe técnico e que ascende a 100.032,88 €, practícase liquidación complementaria polo Sr. Interventor aos efectos do Imposto de Construcións, Instalacións e Obras por importe de 2.600,85 € a ingresar.

Importe execución material / coste da obra:	100.032,88 €
Importe do ICIO, 2,6% do apartado anterior (mín. 42€):	2.600,85 €
Aboado por autoliquidación:	
Cantidade que deberá aboar adicionalmente:	2.600,85 €

Outras condicións:

- As obras deberán axustarse o proxecto e documentación anexa aportada o expediente.

3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIADÁNS.-

A Xunta de Goberno Local toma coñecemento dos seguintes:

1. Solicitud de Don Cesar M. Fernandez Gil en representación do grupo municipal do Partido Popular de Ribadavia con data RE 14 de outubro de 2011 N^o RE 4952, relativo a arranxo de irregularidade no servizo de recollida de residuos sólidos urbanos e recollida selectiva monomaterial de papel-cartón.

INFORMACIÓN URBANÍSTICA.-

1.- “Solicitud de información urbanística interesada por **Don Serafín Alejandro Chao Álvarez**, con domicilio a efectos de notificación na Rúa Progreso n^o 45, baixo, en Ribadavia, con número de rexistro de entrada 3414. A proposta da Concelleira de Ubanismo Dona Noelia Rodríguez Travieso, e visto o correspondente informe técnico de data 18.10.2011.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus asistentes aprobou a información urbanística que se contén naquel, sobre o lugar sito na Rúa Regueiro n^o 1 (antigo camiño das Ánimas 45), en San Cristovo, (Ref. Catastral 1446907NG7814N0001ZS), a solicitude de **Don Serafín Alejandro Chao Álvarez**, de xeito que se entregará ó solicitante copia selada e cotexada do devandito informe para coñecemento e efectos.”

2.- “Solicitud de información urbanística interesada por **Don Serafín Alejandro Chao Álvarez**, con domicilio a efectos de notificación na Rúa Progreso n^o 45, baixo, en Ribadavia, con número de rexistro de entrada 3415. A proposta da Concelleira de



Ilmo. Concello
de
Ribadavia

Urbanismo Dona Noelia Rodríguez Travieso, e visto o correspondente informe técnico de data 18.10.2011.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus asistentes aprobou a información urbanística que se contén naquel, sobre o lugar sito na Rúa Paraxe Macendo nº 8, en San Cristovo, (Ref. Catastral 1749104NG7814N0001XS), a solicitude de **Don Serafin Alejandro Chao Álvarez**, de xeito que se entregará ó solicitante copia selada e cotexada do devandito informe para coñecemento e efectos.”

CUALIFICACIÓN PROVISIONAL.-

“Vista a solicitude de **Dona M^a Begoña Barreiro Miranda**, con domicilio na Urbanización Oasis de Benalmar, Rúa Mar Báltico 157, Benalmádena Costa, Málaga no que solicita subvención para actuacións na Área de Rehabilitación do Casco Histórico de Ribadavia para a Rúa San Martiño nº 4, en Ribadavia, a Xunta de Goberno Local de acordo coa Ordenanza reguladora das actuacións na área de Rehabilitación do Casco Histórico de Ribadavia e tendo en conta a documentación obrante no expediente e o informe da Oficina de Rehabilitación do Casco Histórico de Ribadavia, por unanimidade dos asistentes, acorda informar favorablemente a solicitude propoñendo a aprobación da Cualificación provisional, remitindo o expediente o Instituto Galego de Vivenda e Solo.”

4.- ESCRITOS OFICIAIS.-

A Xunta de Goberno Local toma coñecemento dos seguintes:

1. Comunicación da Confederación Hidrográfica del Miño-Sil con data RE 13 de outubro de 2011 N° RE 4929, relativo a “*Expediente de aprovechamiento de 0,005 l/s de agua procedente de un manantial en Franqueirán, término municipal de Ribadavia (Ourense), con destino a uso doméstico*”.
2. Comunicación da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras, Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental con data RE 14 de outubro de 2011 N° RE 4947, relativo a denegación da axuda para proxecto en materia de puntos limpos.
3. Comunicación da Consellería de Traballo e Benestar, Secretaría Xeral de Familia e Benestar con data RE 14 de outubro de 2011 N° RE 4948, relativo a denegación da subvención do Plan de Desenvolvemento Xitano 2011.
4. Comunicación do Instituto Nacional de Estadística, Delegación Provincial de Ourense con data RE 13 de outubro de 2011 N° RE 4925, relativo a contratación de persoal para os censos de poboación.
5. Comunicación de sentenza de data 26 de setembro de 2011, relativa a procedemento ordinario 0000416/2011.



Ilmo. Concello
de
Ribadavia

5.- CUESTIONS ECONÓMICAS E ASUNTOS VARIOS.-

OUTORGAMENTO LICENCIA DE OBRAS E APERTURA PROVISIONAL.-

Visto o escrito de **Don Pier Luigi Zenaro**, onde solicita Licenza de obra e apertura provisional para uso hotelero, segundo Proxecto Básico e de Execución que se presenta.

Visto o informe da Arquitecto Municipal de data 17.10.2011 no que se conclue o seguinte:

“Infórmase favorablemente á concesión da Licenza de Obras e Licenza de Actividade solicitadas”.

Visto o Informe Xurídico de data 14.10.2011 no que se conclue o seguinte

“Este é o parecer non vencellante do informante do que o seu carácter favorable se supedita ao cumprimento das condicións reflectidas nos correspondentes informe técnico”.

“A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda :

Primeiro.- Conceder licencia de obras para rehabilitación de edificación a **Don Pier Luigi Zenaro** que deberá aboar polo concepto de instalacións, construcións e obras o importe de 3.640,00 €.

Segundo.- Conceder Licenza de apertura provisional a **Don Pier Luigi Zenaro** dunha actividade para uso hotelero na Praza San Xoán nº 1- Rúa Yáñez nº 30, Ribadavia.

1.- Condicións xerais:

En todo caso é de ter en conta que as licencias outórganse a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, polo que a Administración concedente non lle incumbe a acreditación da propiedade do solicitante, senón unicamente o acomodo á legalidade urbanística das obras ou actividades. Por outra banda, e segundo é xurisprudencia reiterada, a concesión da licenza levará implícito o condicionamento de acomodo da actividade á legalidade vixente e aplicable en cada caso, debendo acomodarse deste modo, non só os condicionamentos expresamente sinalados senón tamén ás normas de directa aplicación segundo a lexislación urbanística.

A licenza concédese con independencia doutro tipo de Autorizacións administrativas que foran procedentes.

De coñecerse o destino do local e tratarse este do exercicio dunha actividade sometida ó deber de previa obtención de licenza de apertura, por imperativo do disposto no art. 22 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais e art. 196.2 da LOUGA, en todo caso subordínase expresamente a concesión da licenza urbanística á obtención da correspondente licenza de apertura, de xeito que, se non se chegara a obter esta a anterior entenderíase non concedida. Xa que logo, a eficacia da licenza de



Ilmo. Concello
de
Ribadavia

obras condiciónase nestes casos á obtención da licenza de apertura preceptiva, non podendo comezarse as obras ata a concesión desta última.

Unha vez rematadas as obras deberá obterse a licenza de primeira ocupación, ou no caso concreto licencia de apertura e entrada en funcionamento, so pena da posibilidade de incoación de expediente de reposición de legalidade urbanística.

En lugar ben visible da obra colocará un cartel no que figurarán os nomes dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos ós que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente. Colocarase por seguridade un valo protector.

Penalización: o incumprimento das condicións fixadas dará lugar a apertura de expediente de protección da legalidade urbanística (artigo 209 e ss. da Lei 9/2002), sen prexuízo das sancións a que puidera haber lugar.

Caducidade: A caducidade será declarada pola Administración municipal logo do procedemento con audiencia do interesado.

2.- Condicións particulares:

Finalidade da actuación e uso ó que se destinará: uso hoteleiro.

Contía na que se orzan as obras: 140.000,00 €

Situación e emprazamento das obras: Praza San Xoán nº 1- Rúa Yánez nº 30, Ribadavia.

Redactores do proxecto: Don Manuel Cid Rodríguez e Don Javier Rivadulla Montaña.

Dirección execución material das obras: Don Antonio Nieves González.

Nome ou razón social do promotor: Don Pier Luigi Zenaro.

Prazos: O prazo de inicio das obras é de un (1) mes e o prazo de remate de tres (3) anos, a contar dende o día seguinte ó de notificación da concesión da licencia de apertura provisional.

Liquidación do ICIO: A licenza non terá validez sen o previo aboamento dos dereitos municipais que constan na liquidación do Sr. Interventor. Visto o orzamento estimado que figura no informe técnico e que ascende a 140.000,00 euros, practícase liquidación complementaria polo Sr. Interventor aos efectos do imposto de construcións, intalacións e obras por importe 3.640,00 € a ingresar.

Importe execución material/ coste da obra:	140.000,00 €
Importe do ICIO, 2,6% do apartado anterior (mín. 42€):	3.640,00 €
Aboado por autoliquidación:	
Cantidade que deberá aboar adicionalmente:	3.640,00 €

Outras condicións:

- As obras deberán axustarse o proxecto e documentación anexa aportada o expediente.
- Deberá terse en conta a previsión do informe técnico de data 17.10.2011, no que se establece o seguinte:



Ilmo. Concello
de
Ribadavia

- ***“Sen embargo, respecto á cor das fachadas, na execución das obras realizaranse probas de cor que deberan ser supervisadas polas técnicas da Oficina de Rehabilitación.***
- ***Estarase ó disposto na Autorización da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural:***
 - 1. Os traballos suxeitaranse ás seguintes condicións:***
 - a) Os materiais arqueolóxicos e demais documentación complementaria depositarase provisionalmente no Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense, no prazo de seis meses.***
 - b) O arqueólogo autorizado deberá comunicar as datas de inicio e remate da actividade. Ó remate da actuación e nun prazo máximo de 10 días, presentarase un informe valorativo da mesma. No prazo dun mes os datos dos xacementos arqueolóxicos nos modelos normativizados, e no prazo de seis meses a memoria técnica e copia da acta de depósito estendida polo responsable legal do Museo.***
 - c) No non previsto nesta resolución, observarase o disposto nos artigos 9 e 16 do citado Decreto 199/1997.***
 - 2. Esta autorización concédese sen prexuízo doutras autorizacións ou licenzas que sexan necesarias, se é o caso por aplicación doutras lexislacións sectoriais.***
- ***Estarase ó disposto no Informe do Arqueólogo Municipal: O inicio das obras de demolición interior deberá ser comunicado á Oficina do PEPRI para levar a cabo o oportuno seguimento das mesmas.***
- ***Antes do Inicio das Obras deberá presentarse o Oficio de Designación do técnico coordinador en materia de Seguridade e Saúde.***
- ***Unha vez rematadas as obras notificarase ó Concello coa finalidade de realizar a correspondente visita de comprobación previa á Licenza de Apertura”.***

APROBACIÓN DE PROXECTO.-

Dase conta por parte do Sr. Alcalde do proxecto de “Mellora da imaxe comercial e minimización do impacto dos locais valeiros no eixo da Rúa Progreso” redactado polas Arquitectos Dona Begoña Arregui Rodríguez e Dona Mercedes Álvarez López cun presuposto de execucion material de 20.830,23 € e cun total de presuposto de execucion de contrata de 29.249,81€.



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

Deliberado sobre o particular a Xunta de Goberno Local acorda por unanimidade dos seus asistentes a aprobación do proxecto denominado “Mellora da imaxe comercial e minimización do impacto dos locais valeiros no eixo da Rúa Progreso” por importe de 29.249,81€.

DEVOLUCIÓN DE ICIO.-

Dase conta da solicitude efectuada por Don Mario Rodriguez Gonzalez sobre devolucion de 42 € en concepto de pago do ICIO como consecuencia da non realizacion da obra solicitada.

Visto o informe da Policia Local de data 20 de agosto de 2011, a Xunta de Goberno Local acorda por unanimidade dos seus asistentes a devolucion da cantidade de 42 € como consecuencia da non realizacion da obra solicitada.

XERACIÓN DE CRÉDITOS Nº4/11.-

“A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, presta aprobación o Expediente de xeración de créditos nº4 /11, por importe de 30.800 euros con cargo a compromisos firmes doutras Administracións Públicas para financiar gastos que pola natureza son competencia desta Administración Municipal”.

**6.- ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN
REGULAMENTARIAMENTE.-**

Non houbo.-

E sendo as dúas do mediodía, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.